

**SERVIZOS DE TRANSPORTE PARA OS ASISTENTES AO “WOMEX”. CIDADE DA CULTURA (do mércores 19 ao sábado 22 de outubro de 2016).**

Con motivo da celebración do WOMEX 2016 na Cidade da Cultura desde o mércores 19 ata o sábado 22 de outubro, reforzarase o acceso á CDC nas liñas e horarios que se indican de seguido.

En todos os servizos serán de aplicación as tarifas vixentes no transporte urbano (billete ordinario: 1 €).

Como parada principal de acceso ás liñas que van cara o WOMEX, establécese a parada 409 na praza de Galicia (ao carón da ferretería). Empregarán esta parada tanto as lanzadeiras como as liñas 9 e C11.

Descrición dos servizos:

**1. LIÑA 9:**

Realizará os horarios e paradas habituais, con frecuencia de 60 minutos de luns a venres.

A maiores, a liña realizará parada na praza de Galicia (ferretería) nos horarios en dirección CDC que se indican (**mércores de 14:00 a 16:00; xoves de 8:00 a 12:00; venres e sábado de 9:00 a 12:00**).

**Ampliárase o seu servizo o sábado 22**, en lugar de rematar ás 14:00 na CDC, seguirá a funcionar cada 60' ata as 20:00 (derradeira saída da Cidade da Cultura).

**2. LIÑA C11:**

Todos os autobuses da liña realizarán parada na praza de Galicia (ferretería) nos horarios de acceso á Cidade da Cultura que se indican de seguido.

Pasos por pza. de Galicia da liña C11 con prolongación a CDC: buses que coincidan co seu paso por pza. Galicia entre estes horarios: **mércores de 14:00 a 16:00; xoves de 8:00 a 12:00; venres e sábado de 9:00 a 12:00**.

Polas tardes, a liña C11 prolongarase á CDC despois de saír do C.C.AS Cancelas. Horarios: **mércores de 17:45 a 19:30; xoves, venres e sábado de 17:30 a 19:30**.

**3. SERVIZO ESPECIAL LANZADEIRA PZA. GALICIA:**

Paradas das lanzadeiras de ida, polas mañás:

SERVIZO ESPECIAL. Sentido Cidade da Cultura	
409	PRAZA DE GALICIA (ferretería)
683	CIDADE DA CULTURA

Paradas das lanzadeiras de volta, polas tardes:

<b>SERVIZO ESPECIAL. Sentido centro cidade</b>	
683	<b>CIDADE DA CULTURA</b>
277	Hórreo nº 23

**HORARIOS:**

**MÉRCORES 19:**

De 14:00 a 16:00: Saídas da praza de Galicia en dirección CDC.

De 17:45 a 19:30: Saídas da CDC en dirección rúa Hórreo nº 23 e Auditorio de Galicia (facendo estas dúas paradas).

De 22:30 a 00:00: Saídas do Auditorio de Galicia a pza. de Galicia. Servizo especial directo. (Saídas do Auditorio de Galicia a pza. de Galicia anteriores ás 22:30: coa liña 15).

**XOVES 20:**

De 8:00 a 12:00: Saídas da praza de Galicia en dirección CDC.

De 17:30 a 19:30: Saídas da CDC en dirección rúa Hórreo nº 23.

**VENRES 21 e SÁBADO 22:**

De 9:00 a 12:00: Saídas da praza de Galicia en dirección CDC.

De 17:30 a 19:30: Saídas da CDC en dirección rúa Hórreo nº 23.